



**Resolución de 13 de decembro de 2018 relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 5 de abril de 2018, no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (*Lectura, Información e Aprendizaxe*), do V CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para o curso 2017/2018.**

Con data 5 de abril de 2018, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria, por quinto ano consecutivo, dun concurso para o impulso e recoñecemento de traballos por proxectos baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, e no que poderían participar centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para o curso 2017/2018.

Tratábase así de estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, o deseño e desenvolvemento de proxectos de carácter interdisciplinario ou de proxectos de investigación, baixo a coordinación do equipo de biblioteca escolar ou co apoio desta, na liña da metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos (ou ABP), realizados en centros públicos non universitarios durante o pasado curso.

Reunido o xurado para a valoración dos traballos presentados, previsto no apartado cuarto da devandita convocatoria, de acordo coa proposta formulada por este xurado e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, quinto e sexto do texto de referencia,

#### RESOLVO:

Primeiro.- Facer pública a relación de centros que resultan galardoados no V Concurso de Traballos por Proxectos, trala selección do xurado na súa reunión do día 20 de novembro de 2018. O xurado declara deserto varios premios previstos nas modalidades 2.a-temática científica, 2.b-temática científica e 2.c-temática científica por mor da ausencia de traballos neste apartado ou por non acadaren a puntuación requirida. Tal e como se contempla no apartado 6 da convocatoria, acórdase a ampliación dos traballos seleccionados na modalidade 1 (catro premios máis), por ser esta a modalidade á que maior número de proxectos se presentaron, coa redistribución orzamentaria correspondente.

Segundo.- Conceder os premios aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican.

Terceiro.- Asignar as contías que se sinalan no anexo I aos centros relacionados, que **deberán destinarse á atención das necesidades da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información.**

Cuarto.- Desde esta dirección xeral facilitarase un impreso para a xustificación correspondente.



Quinto.- Tal e como se recolle no apartado oitavo da convocatoria de 5 de abril de 2018, os proxectos son propiedade dos seus autores pero estes, desde o momento que participan no concurso, recoñecen á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional o dereito de reprodución, publicación, difusión, distribución e comunicación (en calquera soporte e formato) dos proxectos premiados para a súa consulta e descarga en liña do seu contido en calquera dos medios dispoñibles (nomeadamente na páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia), e en calquera das formas, medios e modalidades que a tecnoloxía permita. Así mesmo, poderán ser difundidos a través das actividades e dos medios da Rede de formación permanente do profesorado. Os centros poderán publicar estes traballos nos seus espazos web indicando, no seu caso, que foron obxecto de recoñecemento por parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a través deste concurso.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2018



*José Manuel Pinal Rodríguez*  
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos



## ANEXO I

Modalidade	Temática	Centros Premiados	Concello	Provincia	Título	Asign.
1. Proxectos Documentais integrados, coordinados desde a biblioteca escolar	Xenérica	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña	"Crónicas..." Atalaia do Museo Mares de Cedeira	2.000€
		CEIP de Cervo	Cervo	Lugo	Cervo alén de Europa	2.000€
		IES P. Aquis Celenis	Caldas de Reis	Pontevedra	A biblioteca aumentada: máis alá d'Os nenos da variola	2.000€
		CEIP P. Meaño-As Covas	Meaño	Pontevedra	Construímos con Coviña	2.000€
		CEIP de Leirado	Salvaterra de Miño	Pontevedra	LeirARTE: mirar, pensar, crear	2.000€
		CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Vigo	Pontevedra	Palabras que trae o mar	2.000€
	Ciencias	CEIP de Barouta	Ames	A Coruña	Somos o que comemos	2.000€
		IES Francisco Aguiar	Betanzos	A Coruña	Ciencia en feminino. A muller na ciencia e a tecnoloxía.	2.000€
		CEIP Valle-Inclán	O Grove	Pontevedra	Experimento VI: ciencia e tecnoloxía	2.000€
		IES Pedra da Auga	Ponteareas	Pontevedra	Clepsidra. A Sacra Orde do ALFIN	2.000€
2.a. Proxectos de investigación de grupo/nivel	Xenérica	IES Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	LÓVA dende a Biblioteca Escolar como base e recursos	1.500€
		IES Celanova Celso Emilio Ferreiro	Celanova	Ourense	Consortes conSorte?	1.500€
	Ciencias	CEIP P. Condessa de Fenosa	O Barco	Ourense	Explorando a Galaxia 3B-nus	1.500€
		Deserto (1.500€)				
2.b. Proxectos de investigación de ciclo/departamento	Xenérica	CEIP da Torre-Cela	Bueu	Pontevedra	Desenterrando os nosos tesouros: A illa de Ons	1.500€
		CEIP Frián-Teis	Vigo	Pontevedra	Cíes, o noso Patrimonio	1.500€
	Ciencias	Deserto (2 x 1.500)				
2.c Proxectos realizados na materia de 1º /2º de ESO "Investigación e tratamento da información" ou noutras materiais equivalentes en ESO ou primaria	Xenérica	CPI San Vicente	A Baña	A Coruña	Facendo escola. Proxecto multimedia	1.500€
		IES Xoán Montes	Lugo	Lugo	De primeira (-s)	1.500€
	Ciencias	Deserto (1.500€)				
3. Proxectos de investigación intercentros	Xenérica ou científica	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	A Coruña	De festas pola Vila!	1.500€
		IES Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	De festas pola Vila!	1.500€

